



Concello de Xermade

BASES PARA ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS 2022-23

(Persoas adultas)

No mes de novembro darán comezo as distintas actividades culturais propostas para o curso 2022-2023 por parte do concello de Xermade, que rematarán no mes de maio de 2023. As actividades propostas serán:

- **Manualidades:**
 - **Cazás (Escola A Casavella):** Venres de 20.30 a 22.30. Do 4 de novembro ó 26 de maio.
 - **Miraz (Casa Escola):** Venres de 16.30 a 18.30. Do 4 de novembro ó 26 de maio.
 - **Roupar (O Campo):** Sábados de 16.30 a 18.30. Do 5 de novembro ó 27 de maio.
- **Costura:**
 - **Roupar (A Criba).** Segundo e cuarto venres do mes, de 17.30 a 20.30. Do 11 de novembro ata 26 de maio.
- **Zumba:**
 - **Xermade (Pavillón):** Luns de 19.30 a 20.30. Comeza o 3 de novembro. Remata o 26 de maio.
- **Pilates:**
 - **Momán (Casa escola):** Luns de 18.00 a 19.00. Comeza o 3 de novembro. Remata o 26 de maio.
- **Teatro:**
 - **Roupar (Casa Habanera):** Mércores 17.30-19.30. Comeza o 2 de novembro. Remata o 31 de maio.
- **Xermade camiña:**
 - **Xermade (saída diante do Concello):** Martes 11.00-12.00. Comeza o 8 de novembro. Remata o 30 de maio.

Para participar en ditas actividades propoñemos as seguintes *recomendacións de prevención da Covid 19* para as persoas usuarias:

- Non acudirán a clase con febre (> 37 °C), síntomas respiratorios, outros síntomas de sospeita de enfermidade Covid 19, ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.

- Uso da máscara en función da normativa vixente.



Concello de Xermade

Tamén, propoñemos as seguintes *normas xerais* de funcionamento:

- Terán prioridade as persoas empadroadas no concello de Xermade. Sempre que queden prazas vacantes, poderán inscribirse aquelas que non están empadroadas en Xermade.

- O profesorado informará na primeira clase ás persoas asistentes aos cursos do material necesario para a correcta realización do mesmo, só nos casos en que sexa preciso aportar material.

- A cota por curso farase efectiva **NUN ÚNICO PAGAMENTO** na conta do concello de Xermade na oficina de ABANCA de Roupar ou por banca electrónica (nunca no concello). Farase efectivo tras dúas semanas de comezo das actividades, para que o alumnado teña a opción de contar cun período de proba inicial da actividade. Os importes persoal/curso serán 50 € (**Pago único**), agás o curso “Xermade camiña”, que será gratuíto. Non se devolverá o importe dos cursos (exceptuando casos debidamente acreditados).

-As inscricións faranse no concello de Xermade cubrindo as fichas oportunas. As prazas serán adjudicadas por orde de rexistro. Haberá unha preinscrición previa, para coñecer o interese da veciñanza na realización dos cursos e a distribución dos mesmos. Se nunha actividade se dese o caso de haber lista de agarda por ter máis solicitudes que prazas, será motivo de baixa do alumnado a falta a 3 clases seguidas sen causa xustificada, e pasará a cubrir a praza a primeira persoa da listaxe.

-As actividades terán un número mínimo e máximo de alumnas/os por grupo-parroquia, que serán:

Actividade	N.º mínimo	N.º máximo
Teatro	8	25
Manualidades	8	15
Costura	8	15
Zumba	8	25
Pilates	8	12
Xermade camiña	8	15

Calquera dúbida, baixa ou alta nas actividades ou calquera outra incidencia deben de contactar coa educadora familiar que é a persoa responsable no concello de ditos cursos. O contacto pode ser a través dos teléfonos: 982 50 10 02 / 678 744 178, presencial na segunda planta do concello de Xermade ou por correo na dirección educadora.familiar@xermade.org. O horario de atención ao público e de 9.00 a 14.00, de luns a vernes.

O concello de Xermade reserva o dereito de modificar distintos aspectos relativos ás actividades culturais e deportivas por forza maior e/ou como consecuencia da Covid 19.